

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DO CONCELLO PLENO CELEBRADA O DEZAOITO DE DECEMBRO DE DOUS MIL DEZANOVE.

ASISTENTES:

Alcalde-Presidente:

D. Bernardo Fernández Piñeiro.

Concelleiros/as:

D. José Simoes Couceiro
D^a Raquel Caruncho Corral
D^a Yolanda Vázquez Busto
D^a Ángela Piñeiro Carrera
D. Daniel Ríos Fernández
D. Joshua Dopico López
D^a. Manuela García Fachal
D^a Alejandra Bellón Tenreiro
D. Santiago José Rodríguez Piñeiro

Na sala de sesións da Casa do Concello de Ponte deume, sendo as dez horas e oito minutos do día dezaioito de decembro de dous mil dezanove, xúntanse en sesión extraordinaria e urxente, primeira convocatoria, previamente convocadas ao efecto, as persoas membros do Pleno do concello relacionadas á marxe, baixo a presidencia do señor alcalde-presidente, Don Bernardo Fernández Piñeiro.

Foron asistidos pola Secretaria e Interventora Municipais.

Non asiste:

D. Andrés Pérez Pérez
D. Luis Pena Mosquera
Dna. Rocio Souto Torre.

A Secretaria:

Dna. Marta Cajide Barbeito.

A Interventora:

Dna. Lucia Varela Martínez.

A Presidencia abre a sesión dando conta de que Dona Rocío Souto Torre non pode acudir a sesión por problemas técnicos nesta mañá co seu vehículo, que lle impediu o desprazamento, a continuación procedense a tratar os asuntos incluídos na orde do día:

1. -RATIFICACIÓN DA URXENCIA DA CELEBRACIÓN DA SESIÓN.

A Secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidentencia, que se transcribe a continuación:

“ PROPOSTA DE ACORDO

RATIFICACION DA URXENCIA DA CELEBRACIÓN DA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DO PLENO DE 18.12.2019

(Expediente TEdC 2019/G006/000201)

A urxencia da celebración desta sesión ven derivada dos prazos de convocatoria e unha vez que a Comisión Informativa Permanente para o Estudo, Informe e Consulta de Asuntos Xerais do Pleno ditaminou na mañá de hoxe o asunto relativo á solicitude do POS+2020 e tendo en conta a dita solicitude debe estar tramitada ante a Deputación da Coruña como data límite o día 19 (xoves) ás 14,00 horas.



É por isto que, esta Alcaldía-Presidencia formula a seguinte **PROPOSTA**:

PRIMEIRO.- Ratificar a Urxencia da celebración da sesión extraordinaria e urxente do Pleno de 18.12.2019.

SEGUNDO.- Ratificar a Inclusión na Orde do Día da Sesión dos asuntos:

- **APROBACIÓN DO LÍMITE DE GASTO NON FINANCIERO, DO ORZAMENTO MUNICIPAL E DO CADRO DE PERSOAL DO CONCELLO DE PONTEDEUME PARA O EXERCIZO DE 2020.**
- **SOLICITUDE PLAN DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS+ 2020**

En Pontedeume, documento asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Alcalde, D. Bernardo Fernández Piñeiro.”

Non habendo intervencións, sometese a votación a proposta transcrita, quedando **ADOPTADO POR UNANIMIDADE** dos/as membros presentes, o **ACORDO** seguinte:

PRIMEIRO.- Ratificar a Urxencia da celebración da sesión extraordinaria e urxente do Pleno de 18.12.2019.

SEGUNDO.- Ratificar a Inclusión na Orde do Día da Sesión dos asuntos:

- **APROBACIÓN DO LÍMITE DE GASTO NON FINANCIERO, DO ORZAMENTO MUNICIPAL E DO CADRO DE PERSOAL DO CONCELLO DE PONTEDEUME PARA O EXERCIZO DE 2020.**
- **SOLICITUDE PLAN DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS+ 2020**

2.- APROBACIÓN DO LÍMITE DE GASTO NON FINANCIERO, DO ORZAMENTO MUNICIPAL E DO CADRO DE PERSOAL DO CONCELLO DE PONTEDEUME PARA O EXERCIZO DE 2020

A Secretaria da lectura ao ditame da Comisión Informativa, que se transcribe a continuación:

"DITAME COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE ASUNTOS ECONÓMICOS E FACENDA

SESIÓN: EXTRAORDINARIA DE DATA VENRES 13 DE DECEMBRO DE 2019

EXPDTE: 2019/G012/000019

Sesión nº: 10/2019-2023

ÚNICO.- **APROBACIÓN DO LÍMITE DE GASTO NON FINANCIERO, DO ORZAMENTO MUNICIPAL E DO CADRO DE PERSOAL DO CONCELLO DE PONTEDEUME PARA O EXERCIZO DE 2020.**

A Secretaria da lectura á proposta da Alcaldía en funcións, que se transcribe a continuación:

“PROPOSTA DE ACORDO

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

APROBACIÓN DO LÍMITE DE GASTO NON FINANCIERO, DO ORZAMENTO MUNICIPAL E DO CADRO DE PERSOAL DO CONCELLO DE PONTEDEUME PARA O EXERCIZO DE 2020.

(Expediente TEdC: 2018/T004/000002-2019/G006/000193)

En virtude do disposto nos artigos 12 e 30 da Lei orgánica de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira respecto do límite de gasto non financeiro; 168 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais aprobado por Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo, e do artigo 18 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril en relación coa aprobación do orzamento; e do artigo 90 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local en relación co cadro de persoal.

Tendo en conta os documentos que compoñen o expediente:

- A proposta de aprobación do límite de gasto non financeiro, coherente co obxectivo de estabilidade orzamentaria e coa regra de gasto, que marcará o teito de asignación de recursos dos orzamentos, por importe de 4.950.236,13 euros (de acordo co informe emitido pola Intervención municipal de referencia 256/2019, baseado na estimación de liquidación do orzamento de 2019, polo que unha vez se aprobe a súa liquidación definitiva deberá ser obxecto de recálculo).

- A proposta de aprobación do Proxecto do Orzamento Xeral para o exercicio económico 2020 cun importe equilibrado que ascende a 6.988.485,51 euros, no Estado de Ingresos e no Estado de Gastos, xunto cos seguintes documentos:

* Proxecto de Orzamentos (detallando os estados de gastos e de ingresos en varias listaxes, a saber: estado de gastos; estado de gastos resumo por área de gasto e política de gasto; estado de gasto por programas; estado de ingresos e resumo por capítulos de gastos e ingresos).

* Memoria explicativa do seu contido e das principais modificacións.

* Liquidación do orzamento do exercicio anterior e avance do corrente – neste caso se xunta o Decreto de aprobación da liquidación do exercicio 2018 e a remisión ao Ministerio da última información trimestral e avance de liquidación remitida, que é a correspondente ao terceiro trimestre de 2019.

* Anexo dos investimentos a realizar no exercicio.

* Anexo do persoal municipal.

* Estado de previsión de movementos e situación da débeda.

* Bases de Execución.

* Anexo de beneficios fiscais en tributos locais.

* Anexo con información relativa aos convenios subscritos coas Comunidades Autónomas en materia de gasto social.



* Informe económico-financiero sobre as bases empregadas para o cálculo dos ingresos e operacións de crédito previstas, suficiencia dos créditos e efectiva nivelación orzamentaria.

- A proposta de aprobación do cadro de persoal, que deberá comprender todos os postos de traballo reservados a funcionarios, persoal laboral e eventual.

As dúas primeiras propostas foron informadas favorablemente pola Intervención municipal nos informes de referencia 255/2019 e 256/2019, asinados dixitalmente con data do 9 de decembro, remitíndose no informe 255/2019 respecto da proposta de aprobación do cadro de persoal ao sinalado nos informes emitidos con ocasión do orzamento de 2018 así como ao informe emitido pola tesoureira municipal en data 25.11.2019 (como responsable en materia de supervisión do departamento de persoal) en relación coa necesidade de aprobación da oferta de emprego público.

Á vista do informe da Secretaría Municipal de data 09.12.2019.

Tendo en conta o anterior, esta Alcaldía-Presidencia somete a ditame da Comisión Informativa a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar o límite de gasto non financeiro, coherente co obxectivo de estabilidade orzamentaria e coa regra de gasto, que marcará o teito de asignación de recursos dos orzamentos, por importe de 4.950.236,13 euros

SEGUNDO.- Aprobar o Orzamento Xeral da Corporación, que ascende a un importe de 6.988.485,51 euros no estado de gastos e de ingresos, con todos os documentos sinalados nos artigos 165 e 168.1 do TRLFL sinalados anteriormente, segundo o seguinte detalle:

CAPÍTULOS GASTO	EUROS	CAPÍTULOS INGRESO	EUROS
G1- Gastos de persoal	2.972.428,69	I1- Impostos directos	1.992.974,77
G2- Gastos en bens e servizos	3.226.724,28	I2- Impostos indirectos	125.000
G3- Gastos financeiros	500	I3- Taxas e outros ingresos	1.922.804,45
G4- Transferencias correntes	367.489,88	I4- Transferencias correntes	2.842.029,21
G5-Continxencias	0	I5- Ingresos patrimoniais	0
G6- Investimentos reais	162.782,66	I6- Allem. Inves. Reai	0
G7- Transferencias de capital	248.560	I7- Transferencias de capital	95.677,08
G8- Activos financeiros	10.000	I8- Activos financeiros	10.000
G9- Pasivos financeiros	0	I9- Pasivos financeiros	0
EMPREGOS (CAP. 1-9)	6.988.485,51	RECURSOS (CAP. 1-9)	6.988.485,51

TERCEIRO.- Aprobar o cadro de persoal do persoal funcionario e laboral seguinte:

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

PERSONAL FUNCIONARIO							
CÓDIGO	POSTO	GR./CD	Número de prazas	Corpo Escala	Subescala	Situación	OBSERVACIÓNS (Situación dos postos na data actual)
01.00.00.01.01	SECRETARIA XERAL	AA1-30	1	H. Nacional	Secretaría. Categoría de Entrada	Propiedade	Ocupada na actualidade por funcionaria en Comisión Servizos,
01.00.00.02.02	TECNICO DE ADMINISTRACIÓN LOCAL. XEFE DE SECRETARIA	AA1-24	1	Ad. Xeral	Técnico Superior	Vacante	
01.00.00.02.08	TÉCNICO DE XESTIÓN	AA2-24	1	Ad. Xeral	Xestión	Vacante	
01.00.00.03.03 01.00.00.03.04 01.00.00.03.09	ADMINISTRATIVOS	C1-18	3	Ad. General	Administrativa	2 Propiedade 1 Vacante	Adscricións provisionais de novos funcionarios grupo C1, Resolución Alcaldía nº 92 e 93/2015
01.00.00.03.05 01.00.00.03.10 01.00.00.03.11	AUX. ADMINISTRATIVO ÁREA ADMINISTRACIÓN XERAL E RÉXIME INTERNO	C2-16	3	Ad. General	Auxiliar	Vacantes	Unha praza ocupada por adscrición provisional. Personal laboral temporal Resolución Alcaldía 181/2007. Na actualidade presta servizo no departamento de intervención. Último contrato laboral asinado 02.02.2001 modalidade "Duración determinada circunstancias produción", categoría auxiliar administrativo.



01.00.00.03.06	ALCUACIL- PORTEIRO	E-14	1	Ag. Profesional	Subalterno	Vacante	
02.00.00.01.01	INTERVENTOR	A1-30	1	H. Nacional	Intervención/ Tesorería	Propiedad	
					Categoría de Entrada		
02.00.00.02.02	XEFE INTERVENCIÓN	B/C1-22	1	Ad. Xeral	Administrativa	Vacante	Adscrición provisional, funcionario de novo ingreso, grupo C1, Resolución Alcaldía 171/2011
02.00.00.03.05	ADMINISTRATIVO- INFORMÁTICO	B/C-20	1	Ad. Xeral	Administrativa	Vacante	Adscrición provisional. Persoal laboral temporal Resolución Alcaldía 181/2007. Último contrato asinado o 10.03.1997, modalidade "obra servizo determinado" categoría Técnico Informático.
02.00.00.03.06	ADMINISTRATIVO ÁREA ECONÓMICA /FINANCEIRA	C1-18	2	Ad. Xeral	Administrativa	1 Propiedad	O titular do posto ten adscrición provisional, funcionario novo ingreso, Resolución Alcaldía 181/2007. na actualidade adscrito provisionalmente ao posto de Xefe de Intervención. O posto na actualidade esta ocupado por funcionario interino.
02.00.00.03.09	INTERVENCIÓN					1 Vacante	
02.00.00.03.11	AUXILIAR ADMINISTRATIVO. ÁREA ECONÓMICO FINANCEIRA INTERVENCIÓN	C2-16	1	Ad. Xeral	Auxiliar	Vacante	
02.00.00.01.08	TESORERO	A1-28	1	Ad. Xeral	Administrativa	Vacante.	Ocupada na actualidade por funcionaria en

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

							Comisión de servicios.
02.00.00.02.03	XEFE DEB/C1-22 XESTIÓN DE PERSOAL E RECADACIÓ N	1	1	Ad. Xeral	Administrativ a	Vacante	Adscrición provisional, funcionario integrado, grupo C1, Resolución Alcaldía 181/2007
02.00.00.03.10	ADMINISTRA TIVO. ÁREA ECONÓMICO FINANCEIRA. TESOURERÍ A	C1-18	1	Ad. Xeral	Administrativ a	Vacante	Ocupada por funcionaria interina.
02.00.00.03.07	AUXILIAR ADMINISTRA TIVO. ÁREA ECONÓMICO FINANCEIRA. TESOURERÍ A	C2-16	1	Ad. General	Auxiliar	Vacante	Adscrición provisional. Persoal laboral temporal Resolución Alcaldía 181/2007. Último contrato asinado o 02.01.2001, modalidade eventual por circunstancias da produción, categoría auxiliar administrativo.
03.00.00.01.01 03.00.00.01.02	ARQUITECT O	A1-28	2	Ad. Especial	Técnico Superior	Vacante 1	1.-Funcionario novo ingreso.
03.00.00.02.02	ARQUITECT O TÉCNICO	A2-24	1	Ad. Especial	Técnico Medio	Vacante.	Funcionario interino.
03.00.00.03.03	ADMINISTRA TIVO. ÁREA DE URBANISMO	C1-18	1	Ad. General	Administrativ a	Vacante	Funcionaria interina.
03.00.00.03.04 03.00.00.03.06	AUX ADMTVO ÁREA DE URBANISMO	C2-16	2	Ad. General	Administrativ a	Vacantes	
03.00.00.03.05	AUX POLC URBAN	C2-16	1	Ad. General	Auxiliar	Vacante	Adscrición provisional. Persoal laboral temporal Resolución



							Alcaldía 181/2007. Último contrato asinado o 13.01.1997, modalidade "Obra servizo determinado" categoría auxiliar policía municipal.
04.00.00.01.02	OFICIAL POLICIA	DEC1-18	1	Ad. Especial	Servizos Especiais	Vacante	
04.00.00.02.03-10	POLICIA	C1-16	8	Ad. Especial	Servizos Especiais	2 Propiedade e 6 Vacantes	1 Adscrición provisional, funcionario, grupo C1, Resolución Alcaldía 181/2007. 1 permuta.
04.00.00.03.11	AUXILIAR ADMINISTRATIVO DE POLICIA	C2-16	1	Ad. Xeral	Auxiliar	Vacante	Adscrición provisional. Persoal laboral temporal Resolución Alcaldía 181/2007. (Na actualidade presta servizo no rexistro xeral) Último contrato asinado o 14.02.1997, modalidade "obra o servizo determinado" categoría auxiliar policía local.
05.03.00.02.16	SEPTUREIRO	E-12	1	Ag. Profesional. Administración Especial	Persoal oficios	Vacante	Adscrición provisional. Persoal laboral temporal Resolución Alcaldía 181/2007. Último contrato asinado o 08.05.2003 modalidade "Interinidade", categoría sepultureiro.
06.00.00.01.01	TECNICO MEDIO EN SERVICIOS SOCIAIS	A2-26	1	Ad. Especial	Técnico Medio	Vacante	Funcionaria interina.
06.00.00.03.02	AUX ADMTVO. ÁREA	C2-16	1	Ad. General	Auxiliar	Vacante	Adscrición provisional. Persoal laboral temporal Resolución

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

	SERVICIOS SOCIAIS						Alcaldía 181/2007. Último contrato asinado o 16.12.1996, modalidade "obra ou servizo determinado" categoría auxiliar administrativo.
07.00.00.03.02	ADMINISTRATIVO. ÁREA DE FORMACIÓN E EMPREGO.	C1-18	1	Ad. Xeral	Administrativa	Vacante	Posto ocupado por funcionaria interina. (A funcionaria adscrita provisionalmente por resolución da Alcaldía 181/2007, na actualidade en excedencia por interese particular.)
08.00.00.01.01	TECNICO DE AXESTIÓN DEPORTIVA	A2-20	1	Ad. Especial	Técnico Medio	Vacante	
08.00.00.03.02	AUXILIAR ADMINISTRATIVO. ÁREA DE DEPORTES.	C2-16	1	Ad. General	Auxiliar	Vacante	Adscrición provisional. Persoal laboral fixo Resolución Alcaldía 181/2007. Último contrato asinado o 03.02.97, modalidade "ordinario por tempo indefinido", categoría auxiliar administrativo, Bases proceso selección BOP. Nº 165 de fecha 18.07.1996
09.00.00.01.01	BIBLIOTECA RIO-ARQUIVEIRO	A1-26	1	Ad. Especial	Técnico Superior	Propiedade	Adscrición provisional, funcionario integrado, grupo A1, Resolución Alcaldía 181/2007
09.00.00.03.03	AUXILIAR ADMINISTRATIVO. ÁREA DE CULTURA	C2-16	1	Ad. General	Auxiliar	Vacante	Adscrición provisional. Persoal laboral fixo Resolución Alcaldía



	E TURISMO						181/2007. Último contrato asinado o 03.02.97, modalidade "ordinario por tempo indefinido", categoría auxiliar administrativo, a ½ xornada. Bases proceso selección BOP. Nº 165 de fecha 18.07.1996. Escrito ampliación xornada de ½ a completa de data 6 de maio de 2003.
09.00.00.02.03	TÉCNICO TURISMO	A2-20	1	Ad. Especial	Técnica	Vacante	

PERSONAL LABORAL					
CÓDIGO	POSTO	GR./C D	Número de prazas	Situación	OBSERVACIÓNS (Situación dos postos na data actual)
01.00.00.02.07	NORMALIZADOR LINGÜÍSTICO	II-20	1	Vacante	Adscrición provisional. Persoal laboral temporal, Resolución Alcaldía 181/2007 Último contrato asinado o 10.04.1997, modalidade obra ou servizo determinado, categoría técnico normalización.
05.00.00.01.01	ENCARGADO DE OBRAS E SERVICIOS	III-22	1	Vacante	
05.01.00.02.02-03	OFICIAL 1ª	IV-14	2	Vacante	
05.01.00.02.04-05	OFICIAL 2ª	V-12	2	Vacante	
05.01.00.03.07	CONDUCTOR	IV-14	1	Vacante	Contrato asinado o día 09.06.2016, modalidade interinidade.
05.01.00.03.08-10	PEÓN	V-12	3	Vacante (1)	Adscrición provisional de persoal laboral fixo, Resolución Alcaldía 181/2007. Últimos contratos asinados por ambos o 03.02.1997, modalidade indefinido, categoría peón, Bases selección BOP nº 165 de 18.07.1996. Por resolución da Alcaldía nº 129 do 25/03/2015 asignase de xeito temporal a

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

					un dos traballadores a realizar traballos de apoio no servizo de recollida de lixo, mantendose nesta situación ao día da data.
05.02.00.02.12-13	XARDINEIRO	IV-14	2	Vacante (1)	Os dous postos con adscrición provisional, Resolución 181/2007. Posto nº 1- Último contrato asinado o día 03.02.1997, modalidade indefinido, categoría xardineiro, Bases BOP nº 165 de fecha 18.07.1996. Posto nº 2.-Último contrato asinado o día 05.08.2002, modalidade interinidade, categoría xardineiro,
05.02.00.03.14-15	PEÓN UNIDADE DE PARQUES E XARDÍNS	V-12	1	Vacante	
05.04.00.02.17	ENCARGADO DE MERCADO	V-12	1	Vacante	Adscrición provisional de persoal laboral fijo, Resolución 181/2007. Contratación indefinida Oferta de emprego 1990. BOP. n.º 4, 04.01.1991
05.05.01.02.18	ENCARGADO DO PUNTO LIMPO	IV-16	1	Vacante	Adscrición provisional. Persoal laboral temporal Resolución Alcaldía 181/2007. Último contrato asinado o 14.02.1997, modalidade "obra o servizo determinado" categoría auxiliar policía local.
05.05.01.02.19-20	CONDUCTOR CAMIÓN RECOLLIDA DE LIXO	IV-14	2	Vacante (1)	Posto nº 1.-Ocupado por persoal laboral fijo. Adscrición provisional persoal laboral temporal Resolución 181/2007. Posto nº 2.- Adscrición provisional persoal laboral temporal Resolución 181/2007. Último contrato asinado o 29.10.2001, modalidade interinidade, categoría condutor.
05.05.01.03.21-23	PEÓN RECOLLIDA DE LIXO	V-12	3	Vacante (1)	Adscricións provisionais persoal laboral fijo, Resolución 181/2007. Último contrato asinado o 03.02.1997, modalidade "indefinido, categoría peón,



					Bases BOP nº 165 de fecha 18.07.1996.
05.05.02.03.24-30	BARRENDEIRO	V-12	6	Vacante (4)	<p>Posto nº 1.- Adscrición provisional persoal laboral fixo, Resolución 181/2007. Último contrato asinado o 03.02.1997, modalidade "indefinido, categoría peón, Bases BOP nº 165 de fecha 18.07.1996.</p> <p>Posto nº 2.- Adscrición provisional persoal laboral fixo, Resolución 181/2007. Último contrato asinado o 03.02.1997, modalidade "indefinido, categoría peón, Bases BOP nº 165 de fecha 18.07.1996.</p> <p>Posto nº 3.- Adscrición provisional persoal laboral temporal, Resolución 181/2007. Último contrato asinado o 17.03.2003, modalidade interinidade, categoría peón.</p>
05.05.03.03.31-38	LIMPADOR	V-12	8	Vacante (6)	<p>Posto nº 1.- Adscrición provisional persoal laboral fixo, Resolución 181/2007. Último contrato asinado o 03.02.1997, modalidade "indefinido, categoría limpadora ½ xornada, Bases BOP nº 165 de fecha 18.07.1996. Escrito de data 20.01.2000 de cambio a xornada completa.</p> <p>Posto nº 2.- Adscrición provisional persoal laboral fixo, Resolución 181/2007. Último contrato asinado o 01.08.2000, modalidade "indefinido, categoría limpadora ½ xornada, Bases BOP nº 261 de fecha 13.11.1999.</p> <p>Posto nº 3.- Adscrición provisional persoal laboral temporal, Resolución 181/2007. Último contrato asinado o 06.02.1992, modalidade contrato de traballo a tempo parcial (½ xornada), categoría conserxe-celador, comunicación de realización xornada completa con escrito de dta 20.01.2000.</p> <p>Posto nº 4.- Adscrición provisional persoal laboral temporal, Resolución 181/2007. Último contrato asinado o 01.10.1985, modalidade contrato de traballo a tempo parcial (½ xornada), categoría limpadora, interinidade, comunicación de realización xornada</p>

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

					completa, por escrito de data 02.10.1997.
06.01.00.02.03	PSICOLOGO	I-22	1	Vacante	Adscrición provisional persoal laboral temporal, Resolución 181/2007. Último contrato asinado o 23.12.1996, modalidade contrato obras ou servizo determinado, categoría psicóloga.
06.01.00.03.04	ASISTENTE SOCIAL	II-20	1	Vacante	Persoal laboral temporal, Contratación interinidade o 14.04.2010,
06.02.00.02.05	ANIMADOR SOCIAL	II-20	1	Vacante	Adscrición provisional persoal laboral temporal, Resolución 181/2007. Último contrato asinado o 16.12.1996, modalidade contrato obras ou servizo determinado, categoría animadora.
06.03.00.02.07	EDUCADOR SOCIAL	II-20	1	Vacante	Adscrición provisional persoal laboral temporal, Resolución 181/2007. Último contrato asinado o 23.12.1996, modalidade contrato obra ou servizo determinado, categoría educadora.
06.03.00.03.08-15	AUXILIAR DEV-12 FOGAR		8	Vacante	<p>Posto nº 1.-Adscrición provisional persoal laboral temporal, Resolución 181/2007. Último contrato asinado o 06.07.1999, modalidade contrato obras ou servizo determinado, categoría auxiliar fogar.</p> <p>Posto nº 2.-Adscrición provisional persoal laboral temporal, Resolución 181/2007. Último contrato asinado o 06.07.1999, modalidade contrato obras ou servizo determinado, categoría auxiliar fogar.</p> <p>Posto nº 3.-Adscrición provisional persoal laboral temporal, Resolución 181/2007. Último contrato asinado o 02.01.2001, modalidade contrato obras ou servizo determinado, categoría auxiliar fogar.</p> <p>Posto nº 4.-Adscrición provisional persoal laboral temporal, Resolución 181/2007. Último contrato asinado o 02.01.2001, modalidade contrato obras</p>



					ou servizo determinado, categoría auxiliar fogar. Posto nº 5.-Adscrición provisional persoal laboral temporal, Resolución 181/2007. Último contrato asinado o 03.01.2005, modalidade contrato interinidade, categoría auxiliar fogar.
07.00.00.03.03	CONSERXE- CONDUCTOR	IV-14	1	Vacante	Adscrición provisional persoal laboral temporal, Resolución 181/2007. Último contrato asinado o 02.01.2001, modalidade eventual por circunstancias da produción, categoría conserxe-conductor.
07.00.00.03.05	INFORMATIC O	III-18	1	Vacante	

PERSONAL FUNCIONARIO POR PROGRAMAS

POSTO	GR-CD.	N.º DE PRAZAS	Remate Nomeamento
TECNICO INFORMATICO	C1-18	1	31/07/20

PERSONAL LABORAL CON CONTRATOS DE DURACIÓN DETERMINADA.

POSTO	N.º de prazas	Remate Contrato
ANIMADOR CULTURAL	1	Fin de servizo.
ANIMADOR DEPORTIVO	1	Fin de servizo.
AXENTE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL	1	Fin de servizo.
PEON, APROL RURAL	1	15/05/2019 A 14/02/2020
PEON PEL	3	17/06/2019 A 31/12/2019
OFIAL 1ª PEL	1	17/06/2019 A 31/12/2019
AUXILIAR DE POLICIA	4	FIN CONTRATO UTLIMA CONTRATACIÓN 21/01/2020
AUXILIAR FOGAR	1	CONTRATO ACUMULACIÓN TAREFAS 6 MESES. DO 04/06/2019 A 03/12/2019
Persoal técnico Centro Interpretación	1	FIN CONTRATAO 31/12/2019

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Limpadora	2	Fin interinidade. Substitución de dona Manuela Abeal Sánchez e dona Esther Leira Penabad, ambas persoal laboral fixo en situación de IT.
ARQUITECTO	1	Funcionaria interina por acumulación tarefas 6 meses. Nomeamento dende o 22/10/2019 a 21/04/2020

CUARTO.- Expoñer ao público o orzamento xeral para o 2020, polo prazo de 15 días hábiles, mediante anuncio no BOP e no taboleiro de anuncios do Concello, para os efectos de presentación de reclamacións polos interesados.

QUINTO.- Considerar elevados a definitivos estes acordos no caso de que non se presenten reclamacións, debendo publicar o orzamento resumido por capítulos no BOP, xunto co cadro de persoal.

SEXTO.- Do orzamento xeral definitivamente aprobado remitirase copia á Administración do Estado e á CCAA simultaneamente ao envío ao Boletín Oficial do anuncio para a publicación da aprobación definitiva; e en aplicación do artigo 8.d) da Lei de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, publicarase na sede electrónica.

No entanto, o Pleno adoptará o acordo que estime oportuno.

Documento asinado dixitalmente por D. Bernardo Fernández Piñeiro, Alcalde-Presidente, en Ponte deume a 10 de decembro de 2019.”

Advírtese un erro no contido da proposta, en tanto que, na relación de “PERSONAL LABORAL CON CONTRATOS DE DURACIÓN DETERMINADA”

Onde di:

“

...//...	...//...	...//...
Limpadora	2	Fin interinidade. Substitución de dona Manuela Abeal Sánchez e dona Esther Leira Penabad, ambas persoal laboral fixo en situación de IT.
...//...	...//...	...//...

“

Debe dicir:

“



...//...	...//...	...//...
Limpadora	2	Fin interinidade. Substitución de dona Manuela Abeal Sánchez e dona Esther Allegue Curbeira, ambas persoal laboral fixo en situación de IT.
...//...	...//...	...//...

Os/as membros presentes TOMAN RAZÓN e ACORDAN por UNANIMIDADE a RECTIFICACIÓN DA PROPOSTA nos termos indicados.

A Presidencia abre a quenda para o debate...//...

Concluídas as intervencións, sométese a votación a proposta rectificada, quedando DITAMINADO FAVORABLEMENTE en todos os seus termos por MAIORÍA de 5 votos a favor das concelleiras e concelleiros do Grupo Municipal do PSdG-PSOE: D. Bernardo Fernández Piñeiro, D. José Simoes Couceiro, D. Daniel Ríos Fernández, D^a. Manuela García Fachal e D^a Alejandra Bellón Tenreiro; e 2 abstencións do concelleiro do Grupo Municipal do PP: D. Santiago José Rodríguez Piñeiro e da concelleira do BNG: Dna. Rocío Souto Torre.; a proposta de acordo que de seguido se transcribe:

PRIMEIRO.- Aprobar o límite de gasto non financeiro, coherente co obxectivo de estabilidade orzamentaria e coa regra de gasto, que marcará o teito de asignación de recursos dos orzamentos, por importe de 4.950.236,13 euros

SEGUNDO.- Aprobar o Orzamento Xeral da Corporación, que ascende a un importe de 6.988.485,51 euros no estado de gastos e de ingresos, con todos os documentos sinalados nos artigos 165 e 168.1 do TRLFL sinalados anteriormente, segundo o seguinte detalle:

CAPÍTULOS GASTO	EUROS	CAPÍTULOS INGRESO	EUROS
G1- Gastos de persoal	2.972.428,69	I1- Impostos directos	1.992.974,77
G2- Gastos en bens e servizos	3.226.724,28	I2- Impostos indirectos	125.000
G3- Gastos financeiros	500	I3- Taxas e outros ingresos	1.922.804,45
G4- Transferencias correntes	367.489,88	I4- Transferencias correntes	2.842.029,21
G5-Continxencias	0	I5- Ingresos patrimoniais	0
G6- Investimentos reais	162.782,66	I6- Allem. Inves. Reai	0
G7- Transferencias de capital	248.560	I7- Transferencias de capital	95.677,08
G8- Activos financeiros	10.000	I8- Activos financeiros	10.000
G9- Pasivos financeiros	0	I9- Pasivos financeiros	0
EMPREGOS (CAP. 1-9)	6.988.485,51	RECURSOS (CAP. 1-9)	6.988.485,51

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

TERCEIRO.- Aprobar o cadro de persoal do persoal funcionario e laboral seguinte:

PERSONAL FUNCIONARIO							
CÓDIGO	POSTO	GR./CD	Número de prazas	Corpo Escala	Subescala	Situación	OBSERVACIÓNS (Situación dos postos na data actual)
01.00.00.01.01	SECRETARIA XERAL	A1-30	1	H. Nacional	Secretaría. Categoría de Entrada	Propiedade	Ocupada na actualidade por funcionaria en Comisión Servizos,
01.00.00.02.02	TECNICO DE ADMINISTRACIÓN LOCAL. XEFE DE SECRETARIA	A1-24	1	Ad. Xeral	Técnico Superior	Vacante	
01.00.00.02.08	TÉCNICO DE XESTIÓN	A2-24	1	Ad. Xeral	Xestión	Vacante	
01.00.00.03.03 01.00.00.03.04 01.00.00.03.09	ADMINISTRATIVOS	C1-18	3	Ad. General	Administrativa	2 Propiedade 1 Vacante	Adscricións provisionais de funcionarios novo ingreso grupo C1, Resolución Alcaldía nº 92 e 93/2015
01.00.00.03.05 01.00.00.03.10 01.00.00.03.11	AUX. ADMINISTRATIVO ÁREA ADMINISTRACIÓN XERAL E RÉSIMO INTERNO	C2-16	3	Ad. General	Auxiliar	Vacantes	Unha praza ocupada por adscrición provisional. Persoal laboral temporal Resolución Alcaldía 181/2007. Na actualidade presta servizo no departamento de intervención. Último contrato laboral asinado 02.02.2001 modalidade "Duración determinada circunstancias produción", categoría



							auxiliar administrativo.
01.00.00.03.06	ALCUACIL- PORTEIRO	E-14	1	Ag. Profesion al	Subalterno	Vacante	
02.00.00.01.01	INTERVENTOR	A1-30	1	H. Nacional	Intervención/ Tesourería	Propiedad e	
					Categoría de Entrada		
02.00.00.02.02	XEFE INTERVENCIÓN	B/C1-22	1	Ad. Xeral	Administrativa	Vacante	Adscripción provisional, funcionario de novo ingreso, grupo C1, Resolución Alcaldía 171/2011
02.00.00.03.05	ADMINISTRATIVO- INFORMÁTICO	B/C-20	1	Ad. Xeral	Administrativa	Vacante	Adscripción provisional. Persoal laboral temporal Resolución Alcaldía 181/2007. Último contrato asinado o 10.03.1997, modalidade "obra servizo determinado" categoría Técnico Informático.
02.00.00.03.06	ADMINISTRATIVO ÁREA	C1-18	2	Ad. Xeral	Administrativa	1	O titular do posto ten
02.00.00.03.09	ECONÓMICA /FINANCEIRA . INTERVENCIÓN					Propiedad e 1 Vacante	adscripción provisional, funcionario novo ingreso, Resolución Alcaldía 181/2007. na actualidade adscrito provisionalmente ao posto de Xefe de Intervención. O posto na actualidade esta ocupado por funcionario interino.
02.00.00.03.11	AUXILIAR ADMINISTRATIVO. ÁREA ECONÓMICO FINANCEIRA . INTERVENCIÓN	C2-16	1	Ad. Xeral	Auxiliar	Vacante	
02.00.00.01.08	TESORERO	A1-28	1	Ad. Xeral	Administrativa	Vacante.	Ocupada na actualidade por

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

							funcionaria en Comisión de servicios.
02.00.00.02.03	XEFE DE XESTIÓN DE PERSOAL E RECADACIÓN	DEB/C1-22	1	Ad. Xeral	Administrativa	Vacante	Adscrición provisional, funcionario integrado, grupo C1, Resolución Alcaldía 181/2007
02.00.00.03.10	ADMINISTRATIVO. ÁREA ECONÓMICO FINANCEIRA. TESOURERÍA	C1-18	1	Ad. Xeral	Administrativa	Vacante	Ocupada por funcionaria interina.
02.00.00.03.07	AUXILIAR ADMINISTRATIVO. ÁREA ECONÓMICO FINANCEIRA. TESOURERÍA	C2-16	1	Ad. General	Auxiliar	Vacante	Adscrición provisional. Persoal laboral temporal Resolución Alcaldía 181/2007. Último contrato asinado o 02.01.2001, modalidade eventual por circunstancias da produción, categoría auxiliar administrativo.
03.00.00.01.01 03.00.00.01.02	ARQUITECTO	A1-28	2	Ad. Especial	Técnico Superior	Vacante 1	1.-Funcionario novo ingreso.
03.00.00.02.02	ARQUITECTO TÉCNICO	A2-24	1	Ad. Especial	Técnico Medio	Vacante.	Funcionario interino.
03.00.00.03.03	ADMINISTRATIVO. ÁREA DE URBANISMO	C1-18	1	Ad. General	Administrativa	Vacante	Funcionaria interina.
03.00.00.03.04 03.00.00.03.06	AUX ADMTVO ÁREA DE URBANISMO	C2-16	2	Ad. General	Administrativa	Vacantes	
03.00.00.03.05	AUX URBAN	POLC2-16	1	Ad. General	Auxiliar	Vacante	Adscrición provisional. Persoal laboral temporal Resolución



							Alcaldía 181/2007. Último contrato asinado o 13.01.1997, modalidade "Obra servizo determinado" categoría auxiliar policía municipal.
04.00.00.01.02	OFICIAL POLICIA	DEC1-18	1	Ad. Especial	Servizos Especiais	Vacante	
04.00.00.02.03-10	POLICIA	C1-16	8	Ad. Especial	Servizos Especiais	2 Propiedade e 6 Vacantes	1 Adscrición provisional, funcionario, grupo C1, Resolución Alcaldía 181/2007. 1 permuta.
04.00.00.03.11	AUXILIAR ADMINISTRATIVO DE POLICIA	C2-16	1	Ad. Xeral	Auxiliar	Vacante	Adscrición provisional. Persoal laboral temporal Resolución Alcaldía 181/2007. (Na actualidade presta servizo no rexistro xeral) Último contrato asinado o 14.02.1997, modalidade "obra o servizo determinado" categoría auxiliar policía local.
05.03.00.02.16	SEPTUREIRO	E-12	1	Ag. Profesional. Administración Especial	Persoal oficios	Vacante	Adscrición provisional. Persoal laboral temporal Resolución Alcaldía 181/2007. Último contrato asinado o 08.05.2003 modalidade "Interinidade", categoría sepultureiro.
06.00.00.01.01	TECNICO MEDIO EN SERVICIOS SOCIAIS	A2-26	1	Ad. Especial	Técnico Medio	Vacante	Funcionaria interina.
06.00.00.03.02	AUX ADMTVO. ÁREA	C2-16	1	Ad. General	Auxiliar	Vacante	Adscrición provisional. Persoal laboral temporal Resolución

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

	SERVICIOS SOCIAIS						Alcaldía 181/2007. Último contrato asinado o 16.12.1996, modalidade "obra ou servizo determinado" categoría auxiliar administrativo.
07.00.00.03.02	ADMINISTRATIVO. ÁREA DE FORMACIÓN E EMPREGO.	C1-18	1	Ad. Xeral	Administrativa	Vacante	Posto ocupado por funcionaria interina. (A funcionaria adscrita provisionalmente por resolución da Alcaldía 181/2007, na actualidade en excedencia por interese particular.)
08.00.00.01.01	TECNICO DE AXESTIÓN DEPORTIVA	EA2-20	1	Ad. Especial	Técnico Medio	Vacante	
08.00.00.03.02	AUXILIAR ADMINISTRATIVO. ÁREA DE DEPORTES.	C2-16	1	Ad. General	Auxiliar	Vacante	Adscrición provisional. Persoal laboral fixo Resolución Alcaldía 181/2007. Último contrato asinado o 03.02.97, modalidade "ordinario por tempo indefinido", categoría auxiliar administrativo, Bases proceso selección BOP. Nº 165 de fecha 18.07.1996
09.00.00.01.01	BIBLIOTECA RIO-ARQUIVEIRO	A1-26	1	Ad. Especial	Técnico Superior	Propiedade	Adscrición provisional, funcionario integrado, grupo A1, Resolución Alcaldía 181/2007
09.00.00.03.03	AUXILIAR ADMINISTRATIVO. ÁREA DE CULTURA	C2-16	1	Ad. General	Auxiliar	Vacante	Adscrición provisional. Persoal laboral fixo Resolución Alcaldía



	E TURISMO						181/2007. Último contrato asinado o 03.02.97, modalidade "ordinario por tempo indefinido", categoría auxiliar administrativo, a ½ xornada. Bases proceso selección BOP. Nº 165 de fecha 18.07.1996. Escrito ampliación xornada de ½ a completa de data 6 de maio de 2003.
09.00.00.02.03	TÉCNICO TURISMO	A2-20	1	Ad. Especial	Técnica	Vacante	

PERSONAL LABORAL

CÓDIGO	POSTO	GR./C D	Número de prazas	Situación	OBSERVACIÓNS (Situación dos postos na data actual)
01.00.00.02.07	NORMALIZADOR LINGÜÍSTICO	II-20	1	Vacante	Adscrición provisional. Persoal laboral temporal, Resolución Alcaldía 181/2007 Último contrato asinado o 10.04.1997, modalidade obra ou servizo determinado, categoría técnico normalización.
05.00.00.01.01	ENCARGADO DE OBRAS E SERVICIOS	III-22	1	Vacante	
05.01.00.02.02-03	OFICIAL 1ª	IV-14	2	Vacante	
05.01.00.02.04-05	OFICIAL 2ª	V-12	2	Vacante	
05.01.00.03.07	CONDUCTOR	IV-14	1	Vacante	Contrato asinado o día 09.06.2016, modalidade interinidade.
05.01.00.03.08-10	PEÓN	V-12	3	Vacante (1)	Adscrición provisional de persoal laboral fixo, Resolución Alcaldía 181/2007. Últimos contratos asinados por ambos o 03.02.1997, modalidade indefinido, categoría peón, Bases selección BOP nº 165 de 18.07.1996. Por resolución da Alcaldía nº 129 do 25/03/2015 asignase de xeito temporal a

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

					un dos traballadores a realizar traballos de apoio no servizo de recollida de lixo, mantendose nesta situación ao día da data.
05.02.00.02.12-13	XARDINEIRO	IV-14	2	Vacante (1)	Os dous postos con adscrición provisional, Resolución 181/2007. Posto nº 1- Último contrato asinado o día 03.02.1997, modalidade indefinido, categoría xardineiro, Bases BOP nº 165 de fecha 18.07.1996. Posto nº 2.-Último contrato asinado o día 05.08.2002, modalidade interinidade, categoría xardineiro,
05.02.00.03.14-15	PEÓN UNIDADE DE PARQUES E XARDÍNS	V-12	1	Vacante	
05.04.00.02.17	ENCARGADO DE MERCADO	V-12	1	Vacante	Adscrición provisional de persoal laboral fijo, Resolución 181/2007. Contratación indefinida Oferta de emprego 1990. BOP. n.º 4, 04.01.1991
05.05.01.02.18	ENCARGADO DO PUNTO LIMPO	IV-16	1	Vacante	Adscrición provisional. Persoal laboral temporal Resolución Alcaldía 181/2007. Último contrato asinado o 14.02.1997, modalidade "obra o servizo determinado" categoría auxiliar policía local.
05.05.01.02.19-20	CONDUCTOR CAMIÓN RECOLLIDA DE LIXO	IV-14	2	Vacante (1)	Posto nº 1.-Ocupado por persoal laboral fijo. Adscrición provisional persoal laboral temporal Resolución 181/2007. Posto nº 2.- Adscrición provisional persoal laboral temporal Resolución 181/2007. Último contrato asinado o 29.10.2001, modalidade interinidade, categoría condutor.
05.05.01.03.21-23	PEÓN RECOLLIDA DE LIXO	V-12	3	Vacante (1)	Adscricións provisionais persoal laboral fijo, Resolución 181/2007. Último contrato asinado o 03.02.1997, modalidade "indefinido, categoría peón,



					Bases BOP nº 165 de fecha 18.07.1996.
05.05.02.03.24-30	BARRENDEIRO	V-12	6	Vacante (4)	<p>Posto nº 1.- Adscrición provisional persoal laboral fixo, Resolución 181/2007. Último contrato asinado o 03.02.1997, modalidade "indefinido, categoría peón, Bases BOP nº 165 de fecha 18.07.1996.</p> <p>Posto nº 2.- Adscrición provisional persoal laboral fixo, Resolución 181/2007. Último contrato asinado o 03.02.1997, modalidade "indefinido, categoría peón, Bases BOP nº 165 de fecha 18.07.1996.</p> <p>Posto nº 3.- Adscrición provisional persoal laboral temporal, Resolución 181/2007. Último contrato asinado o 17.03.2003, modalidade interinidade, categoría peón.</p>
05.05.03.03.31-38	LIMPADOR	V-12	8	Vacante (6)	<p>Posto nº 1.- Adscrición provisional persoal laboral fixo, Resolución 181/2007. Último contrato asinado o 03.02.1997, modalidade "indefinido, categoría limpadora ½ xornada, Bases BOP nº 165 de fecha 18.07.1996. Escrito de data 20.01.2000 de cambio a xornada completa.</p> <p>Posto nº 2.- Adscrición provisional persoal laboral fixo, Resolución 181/2007. Último contrato asinado o 01.08.2000, modalidade "indefinido, categoría limpadora ½ xornada, Bases BOP nº 261 de fecha 13.11.1999.</p> <p>Posto nº 3.- Adscrición provisional persoal laboral temporal, Resolución 181/2007. Último contrato asinado o 06.02.1992, modalidade contrato de traballo a tempo parcial (½ xornada), categoría conserxe-celador, comunicación de realización xornada completa con escrito de dta 20.01.2000.</p> <p>Posto nº 4.- Adscrición provisional persoal laboral temporal, Resolución 181/2007. Último contrato asinado o 01.10.1985, modalidade contrato de traballo a tempo parcial (½ xornada), categoría limpadora, interinidade, comunicación de realización xornada</p>

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

					completa, por escrito de data 02.10.1997.
06.01.00.02.03	PSICOLOGO	I-22	1	Vacante	Adscrición provisional persoal laboral temporal, Resolución 181/2007. Último contrato asinado o 23.12.1996, modalidade contrato obras ou servizo determinado, categoría psicóloga.
06.01.00.03.04	ASISTENTE SOCIAL	II-20	1	Vacante	Persoal laboral temporal, Contratación interinidade o 14.04.2010,
06.02.00.02.05	ANIMADOR SOCIAL	II-20	1	Vacante	Adscrición provisional persoal laboral temporal, Resolución 181/2007. Último contrato asinado o 16.12.1996, modalidade contrato obras ou servizo determinado, categoría animadora.
06.03.00.02.07	EDUCADOR SOCIAL	II-20	1	Vacante	Adscrición provisional persoal laboral temporal, Resolución 181/2007. Último contrato asinado o 23.12.1996, modalidade contrato obra ou servizo determinado, categoría educadora.
06.03.00.03.08-15	AUXILIAR DEV-12 FOGAR		8	Vacante	<p>Posto nº 1.-Adscrición provisional persoal laboral temporal, Resolución 181/2007. Último contrato asinado o 06.07.1999, modalidade contrato obras ou servizo determinado, categoría auxiliar fogar.</p> <p>Posto nº 2.-Adscrición provisional persoal laboral temporal, Resolución 181/2007. Último contrato asinado o 06.07.1999, modalidade contrato obras ou servizo determinado, categoría auxiliar fogar.</p> <p>Posto nº 3.-Adscrición provisional persoal laboral temporal, Resolución 181/2007. Último contrato asinado o 02.01.2001, modalidade contrato obras ou servizo determinado, categoría auxiliar fogar.</p> <p>Posto nº 4.-Adscrición provisional persoal laboral temporal, Resolución 181/2007. Último contrato asinado o 02.01.2001, modalidade contrato obras</p>



					ou servizo determinado, categoría auxiliar fogar. Posto nº 5.-Adscrición provisional persoal laboral temporal, Resolución 181/2007. Último contrato asinado o 03.01.2005, modalidade contrato interinidade, categoría auxiliar fogar.
07.00.00.03.03	CONSERXE- CONDUCTOR	IV-14	1	Vacante	Adscrición provisional persoal laboral temporal, Resolución 181/2007. Último contrato asinado o 02.01.2001, modalidade eventual por circunstancias da produción, categoría conserxeconductor.
07.00.00.03.05	INFORMATIC O	III-18	1	Vacante	

PERSONAL FUNCIONARIO POR PROGRAMAS

POSTO	GR-CD.	N.º DE PRAZAS	Remate Nomeamento
TECNICO INFORMATICO	C1-18	1	31/07/20

PERSONAL LABORAL CON CONTRATOS DE DURACIÓN DETERMINADA.

POSTO	N.º de prazas	Remate Contrato
ANIMADOR CULTURAL	1	Fin de servizo.
ANIMADOR DEPORTIVO	1	Fin de servizo.
AXENTE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL	1	Fin de servizo.
PEON, APROL RURAL	1	15/05/2019 A 14/02/2020
PEON PEL	3	17/06/2019 A 31/12/2019
OFIAL 1ª PEL	1	17/06/2019 A 31/12/2019
AUXILIAR DE POLICIA	4	FIN CONTRATO UTLIMA CONTRATACIÓN 21/01/2020
AUXILIAR FOGAR	1	CONTRATO ACUMULACIÓN TAREFAS 6 MESES. DO 04/06/2019 A 03/12/2019
Persoal técnico Centro Interpretación	1	FIN CONTRATAO 31/12/2019
Limpadora	2	Fin interinidade. Substitución de dona Manuela Abeal Sánchez e dona Esther

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

		Allegue Curbeira, ambas persoal laboral fixo en situación de IT
ARQUITECTO	1	Funcionaria interina por acumulación tarefas 6 meses. Nomeamento dende o 22/10/2019 a 21/04/2020

CUARTO.- Expoñer ao público o orzamento xeral para o 2020, polo prazo de 15 días hábiles, mediante anuncio no BOP e no taboleiro de anuncios do Concello, para os efectos de presentación de reclamacións polos interesados.

QUINTO.- Considerar elevados a definitivos estes acordos no caso de que non se presenten reclamacións, debendo publicar o orzamento resumido por capítulos no BOP, xunto co cadro de persoal.

SEXTO.- Do orzamento xeral definitivamente aprobado remitirase copia á Administración do Estado e á CCAA simultaneamente ao envío ao Boletín Oficial do anuncio para a publicación da aprobación definitiva; e en aplicación do artigo 8.d) da Lei de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, publicarase na sede electrónica.

No entanto, o Pleno adoptará o acordo que estime oportuno.”

A Presidencia abre a quenda para o debate, dando a palabra a D. Daniel Ríos Fernández, Concelleiro de Vías e Obras, Economía, Facenda e Especial de Contas e Industria.

O Sr. Ríos Fernandez da conta do documento e cuxa intervención se transcribe: “

“Bos días a todos e a todas,

Hoxe traemos o pleno municipal o documento final dos orzamentos 2020 de cara a súa aprobación. Un documento axustado á realidade, e seguindo un criterio de prudencia e coa finalidade de manter unha economía municipal saneada.

Nos presupostos sociais que hoxe presentanse ante este pleno, concretase parte do programa de actuación deste goberno, tamén aportación feitas polo resto de grupos, e como non, tamen as aportacións das entidades que forman o tecido cultural e deportivo desta vila. A continuación farei un breve resumo por capítulos tanto na área de ingresos como na de gastos cos aspectos máis destacados en cada unha delas.

Polo que se refire ás principais diferenzas no estado de ingresos, veñen recollidas no capítulo 1, que se minora en 56.527,92 euros, baseada en que no exercicio 2019 se preveían ingresos derivados da regularización catastral levada a cabo ao longo do exercicio 2017, para a inclusión tanto das contrucións omitidas total ou parcialmente como das modificacións dos datos físicos dos inmobles incorrectos ou incompletos, co fin de asegurar a súa concordancia coa realidade; unha vez ingresada a maior parte das ditas liquidacións ao longo do exercicio 2018, e



en menor medida no ano 2019, axústase a contía prevista para o presente ano para dar cumprimento ao principio de imaxe fiel da contabilidade municipal).

Incrementátese o capítulo 2 (onde se recollen os ingresos previstos do Imposto sobre construcións, instalacións e obras), tendo en conta os ingresos recadados no exercicio 2019 e as previsións para o 2020, con varios proxectos importantes dos que se prevé a súa tramitación en 2020.

Nunha previsión moi conservadora, reducese o capítulo 3 na contía de 181.157,47 euros con respecto ao orzamento de 2019, relativo ás taxas, prezos públicos e outros ingresos, minorando aqueles que se prevén liquidar por menor importe ca o previsto nos ingresos previstos no orzamento de 2019. Non obstante, se prevé incremento nalgún ingreso deste capítulo tendo en conta varios procesos de actualización, como o cruce entre o padrón da recollida de lixo e o Ibi, e revisión de padróns así como de inspeccións que poderán aflorar maiores ingresos ca os previstos inicialmente toda vez que se ten incorporado unha tesoureira con habilitación de carácter nacional e unha administrativa á área de tesourería, que permitirá, ao longo do exercicio 2020 realizar o dito traballo.

O capítulo 4, transferencias correntes, mantéñese practicamente igual, prevéndose con prudencia as achegas doutras administracións.

O capítulo 7 sí recolle unha minoración con respecto ás previsións de 2019, fundamentalmente derivada das achegas á obra do mercado municipal, e á maior contía inicial do Plan de obras e servizos no ano 2019; sen prexuízo de realizar as modificacións orzamentarias oportunas a medida que se vaian concedendo subvencións doutras administracións para financiar investimentos, como puidera ser o POS+2020 complementario.

